

BKOOOL



BIKESTRADA

QUÉ IDEA TEMOS?

Dende BikEstrada queremos propoñervos unha nova actividade para poder levar mellor esta situación de pandemia que estamos a padecer.

Por iso, imos crear unha serie de **ligas virtuais interactivas** a través da plataforma virtual de ciclismo **BKOOL**, para que tódolos socios poidan participar do xeito que cada un considere máis oportuno:

Saídas en grupo virtuais, invididuais, clasificacións por etapas, clasificación xeral, de sprints, da montaña...

Qué é bkool?

Trátase dunha **plataforma online** que pretende crear unha experiencia de **ciclismo virtual realista a través do rodillo**. Podes utilizala simultaneamente con outras persoas e competir con elas **en tempo real**. Ó tratarse dun **simulador**, a través da pantalla podes ver os **percorridos en 3D** simulados a perfección, así coma ver os outros rivais a través dun avatar.

CÓMO DARME DE ALTA?

Canto custa BKOOL?

A día de hoxe, **BKOOL** ofrece unha **proba gratuíta** que podemos empregar **durante 30 días**.

Despois teremos que pagar unha **cota mensual de 9,99 €**, aínda que existen ofertas para conseguilo por debaixo dese prezo.

Podedes **descargar a app** para probalo dende a web oficial de Bkool:
<https://www.bkool.com/es>

Para **darse de alta** podedes consultar este enlace:
<https://support.bkool.com/hc/es/articles/360024299052--C%C3%B3mo-puedo-convertirme-en-suscriptor-Premium->

Qué necesitas para usar BKOOL?

En primeiro lugar necesitas un **rodillo compatible...**

(<https://www.bkool.com/es/compatibilidad>)

...ou adaptar o que tes para utilizalo con BKOOL.

Hai moitos vídeos en internet que indican como facelo:

(<https://www.youtube.com/watch?v=Sapy74UaMc0>)

Plataformas e requisitos do sistema dispoñibles:

PC: Windows 7-64 bits ou superior, 4 GB de RAM, procesador de dobre núcleo, 2 GB de HD libre.

iOS: iOS 10.3.4 ou superior, iPad de 4a xeración ou iPad mini2.

Mac: OSX 10.9 ou superior, 4 GB de RAM, 2 GB de HD libre.

Android: Android 5 ou superior, 1 GB de RAM, Dual Core.

CÓMO SERÍAN AS LIGAS QUE QUERE ORGANIZAR O CLUB?

En que consistiría A LIGA?

SERÍA UNHA ACTIVIDADE LÚDICA

O clube crearía unha serie de ligas nas que poidan participar tódolos socios do clube.

Esas ligas constarían de varias etapas, que os socios poderían realizar libremente no período habilitado para facelas.

As ligas BKOOL ofrecen clasificacións para sprints, montaña, xerais de cada etapa e xerais finais da liga.

(<https://support.bkool.com/hc/es/articles/360034139931-Ligas>)

En calquera caso, cada socio é libre de afrontar cada etapa ó ritmo que considere axeitado, sendo a clasificación unha parte máis do xogo e non un obxectivo en si mesmo.

Cando comezaría e como serían as etapas e a liga?

Cada socio decide como afrontar cada etapa

A primeira liga comezaría o luns 30 de novembro. Constaría de 5 etapas a razón de unha por semana (en total a liga duraría 5 semanas).


Durante a semana de cada etapa o socio pode facela o día que mellor se adapte aos seus horarios e cantas veces queira.

Tentarase buscar un día e unha hora entre tódolos socios interesados para cada unha das semanas poder facer unha saída/quedada en grupo

Cales son as cinco etapas da primeira liga?

1ª ETAPA:
a realizar entre o
30/11/2020 e o 6/12/2020

Recorridos coñecidos por todos




2ª ETAPA:
a realizar entre o
7/12/2020 e o 13/12/2020



3ª ETAPA:
a realizar entre o
14/12/2020 e o 20/12/2020


Pensados para todos os socios

4ª ETAPA:
a realizar entre o
21/12/2020 e o 27/12/2020



5ª ETAPA:
a realizar entre o
28/12/2020 e o 03/01/2020

Tamén para os máis competitivos



Cómo podo coincidir con máis socios para facer unha etapa?

Aínda que as etapas se poden facer unha vez a semana en horario libre o que se pretende e fixar un día en concreto (ou días) para que varios socios poidan verse en tempo real dentro da plataforma e facer a etapa xuntos.

Queremos indicar que nos perfiles das cinco primeiras etapas xa están colgados os puntos onde van os:

- Premios de Montaña.
- Sprints.
- E un tramo conometrado.

Queremos que tódolos socios teñan cabida dentro da plataforma e que todos poidan completar tamén os percorridos do xeito que queiran. As clasificacións son unha parte máis da motivación para quen así o desexe, pero en ningún caso un obxectivo.